

O concepto linguocultural «Mundo» no léxico e na fraseoloxía das linguas romances¹

The linguocultural concept “World” in the lexicon and phraseology of Romance languages

Natalia Med

Sankt-Peterburgskiy Gosudarstvennyy Universitet (Rusia)

ORCID 0000-0002-8232-3481

n.med@spbu.ru

Resumo: O marco teórico do presente artigo enfócase na problemática da linguoculturoloxía, que estuda a interacción entre a lingua e a cultura e na noción do concepto cultural. O artigo está dedicado ao estudo do concepto linguocultural «Mundo» con base nos derivados semánticos e os fraseoloxismos das linguas romances (español, francés, italiano e portugués) que inclúen o compoñente «mundo» (esp. mundo; fr. monde; it. mondo; port. mundo) e á análise do común e do especificamente nacional neste fragmento da imaxe lingüística romance do mundo. A investigación foi realizada con base nos dicionarios fraseolóxicos modernos das linguas en cuestión (Buitrago Jiménez, 2004; Martínez López e Myre Jørgensen, 2009; Rey e Chantreau, 2017; Pittàno, 2009; Quartu, 2000; Sorge, 2011; Macedo Rocha e Penna de Macedo Rocha, 2011; Martins Barata, 1989). Os resultados da análise realizada demostran que o concepto básico «Mundo» nas linguas romances está representado por 10 subconceptos que reflicten diferentes aspectos da visión do mundo románico. Esta visión reduce o universo ao micromundo do ser humano, ás súas relacións con todo o que lle rodea e á característica do propio ser humano por medio de valoracións xerais e particulares ou da intensificación da valoración cualificativa ou cuantitativa.

Palabras clave: linguoculturoloxía comparada, linguas romances, fraseoloxía, derivado semántico, concepto linguocultural «Mundo».

¹ Data de recepción: 20.10.24. Data de aprobación: 21.10.25.

Tradución do castelán de Pedro López Morillo (Universidade de Vigo).

Abstract. *The problems of linguocultorology, which studies the connection between language and culture, as well as the cultural concept are the theoretical basis of this article. The article is devoted to the analysis of the linguocultural concept "World" on the basis of semantic derivatives and phraseological units of the Romance languages (Spanish, French, Italian and Portuguese), including the component "World" (esp. mundo; fr. monde; ital. mondo; port. mundo) and the identification general and nationally specific in this fragment of the Romance language worldview. Modern phraseological dictionaries of analyzed languages were the source of the research material (Buitrago Jiménez, 2004; Martínez López & Myre Jørgensen, 2009; Rey & Chantreau, 2017; Pittàno, 2009; Quartu, 2000; Sorge, 2011; Macedo Rocha & Penna de Macedo Rocha, 2011; Martins Barata, 1989). The results of the analysis showed that the basic concept of "World" in Romance languages is represented by 10 subconcepts, reflecting various aspects of the Romance worldview, which reduces the universe to the microcosm of a person, to his relationships with everything that surrounds him, to the direct characteristics of the person himself through general and particular evaluations or intensification of quantitative or qualitative evaluation.*

Key words: *comparative linguoculturology, romance languages, phraseology, semantic derivative, linguocultural concept "World".*

1. Introducción

A linguoculturoloxía, coma unha nova rama da lingüística, estuda e describe a interacción da lingua e a cultura nacional e universal. Existen varias definicións da complexa noción de cultura. Segundo a Real Academia Española (2019), a cultura é «un conxunto de modos de vida e costumes, coñecementos e grao de desenvolvemento artístico, científico, industrial, nunha época ou grupo social».² Para Newmark (1988) a cultura é «o modo de vida a as manifestacións deste habituais dunha comunidade que usa a linguaxe particular coma o seu medio de expresión» (p. 94)³. Segundo Dobrovól'skii e Piirainen (2005), «unha cultura é a suma de todas as ideas sobre o mundo (incluídas as ideas ficticias, mitolóxicas etc.) que son características dunha comunidade dada» (p. 213).⁴

A cultura material e espiritual atopa a súa expresión na lingua. Coseriu (1977), á súa vez, subliña a relación entre a lingua e a cultura: «a linguaxe é unha forma de cultura, quizais a máis universal de todas, e, de todos os modos, a primeira que distingue inmediata e netamente o home dos demais seres da natureza» (pp. 77–78).⁵ Segundo Sapir (1993), a cultura é aquilo que unha sociedade fai e pensa, a lingua é aquilo que ela pensa. A lingüista rusa Ter-Minásova (2000) escribe: «A lingua é o espello da cultura no que se reflicte non só o mundo real, senón a conciencia social do pobo, a súa mentalidade, o carácter nacional, o modo de vida, as tradicións, os costumes, a moral,

² Orixinal en español: «un conjunto de modos de vida y costumbres, conocimientos y grado de desarrollo artístico, científico, industrial, en una época o grupo social».

³ Orixinal en inglés: «the way of life and its manifestations that are peculiar to a community that uses the particular language as its means of expression».

⁴ Orixinal en inglés: «a culture is the sum of all ideas about the world (including fictional, mythological etc. ideas) that are characteristic of a given community».

⁵ En castelán: «el lenguaje es una forma de cultura, quizá la más universal de todas, y, de todos modos, la primera que distingue inmediata y netamente al hombre de los demás seres de la naturaleza».

o sistema de valores, a percepción do mundo, a mundividencia» (p. 13).⁶ Ortiz Álvarez (2019) sinala:

[A] lingua ten o papel de representar as prácticas empregadas polas persoas, pois manifesta as actitudes, coñecementos, crenzas, ideoloxías, comportamentos e valores de determinada comunidade lingüístico-cultural. Esas prácticas son expresivamente traducidas polo léxico que reflicte os ambientes e características deses grupos segundo a súa visión de mundo (individual e colectiva) e dos costumes e simboloxía adquiridos a través da experiencia que o contexto en que habitan lles proporciona e con el se identifican. De acordo con Woodward (2009), cada cultura ten as súas propias e distintivas formas de clasificar o mundo. É pola construción de sistemas clasificatorios que a cultura propicia ao ser humano os medios polos cales é posible dar sentido ao mundo social e construír significados. (p. 65)

O termo «linguoculturoloxía» foi acuñado nos anos 90 polos representantes da escola fraseolóxica rusa, encabezada por Verónica Teliya. A linguoculturoloxía debe ser orientada cara ao factor cultural na lingua e ao factor lingüístico no ser humano. Por tanto, esta disciplina pertence ao paradigma antropolóxico da ciencia do ser humano cuxo obxecto central é o fenómeno da cultura (Teliya, 1996). A linguoculturoloxía forma parte da antropoloxía lingüística que estuda a interacción entre lingua e sociedade, as estruturas das linguas, a súa evolución, a influencia dos aspectos lingüísticos e etnoculturais no desenvolvemento e funcionamento das linguas. A linguoculturoloxía céntrase na interacción entre lingua e cultura. O obxecto dos estudos linguoculturais é a lingua como reflexo e fixación da cultura (Andrushkevich, 2025). Na linguoculturoloxía a parella «lingua – ser humano» transfórmase na estrutura «lingua – ser humano – conciencia – cultura».

Entre as nocións básicas da linguoculturoloxía figuran os semas culturais, as connotacións culturais, os códigos culturais, a memoria cultural, os textos culturais e os conceptos culturais. O salientable lingüista ruso Stepánov (1997) introduciu a noción de «concepto» na linguoculturoloxía e subliñaba a relación especial entre o concepto e a cultura que consiste na transmisión dos valores culturais por medio dos conceptos. O libro monográfico de Stepánov *Constantes. O diccionario da cultura rusa* (1997) presenta un grande interese para as investigacións do concepto na linguoculturoloxía. Segundo Stepánov, as constantes, ou sexa, os conceptos, reflicten o acervo colectivo na conciencia do pobo, a súa cultura espiritual. A conciencia colectiva garda as constantes que existen permanentemente ou durante moito tempo e, entre estas, figuran a Eternidade, o Tempo, o Número, o Mundo, o Ser Humano, a Alma, a Fe, o Amor, a Alegría, a Tristeza, o Medo, a Conciencia, o Pecado, a Patria, a Casa (Stepánov, 1997). Na linguoculturoloxía o número de conceptos básicos culturais que teñen a importancia primordial para unha ou outra sociedade linguocultural está limitado. O concepto cultural está estratificado e, como sinala Stepánov (1997), a súa estrutura contén todo o que o converte nun feito cultural: a etimoloxía, os factores históricos, as asociacións modernas e as valoracións.

⁶ En castelán: «La lengua es el espejo de la cultura en el que se refleja no solo el mundo real, sino la conciencia social del pueblo, su mentalidad, el carácter nacional, el modo de vida, las tradiciones, las costumbres, la moral, el sistema de valores, la percepción del mundo, la mundividencia».

Actualmente, están a se desenvolver as seguintes ramas da linguoculturoloxía: 1. A linguoculturoloxía dunha ou outra etnia nun período determinado; 2. A linguoculturoloxía diacrónica, que estuda e describe os cambios do estado linguocultural da etnia nun período determinado; 3. A lexicografía linguocultural, cuxo obxectivo é a elaboración dos dicionarios lingüístico-culturais; 4. A linguoculturoloxía comparada, que estuda os trazos linguoculturais de diferentes pobos (Máslova, 2001). O método comparativo permite revelar os trazos universais e nacionais nos espazos semánticos das linguas analizadas.

O presente artigo está dedicado ao estudo dos derivados semánticos e os fraseoloxismos das linguas romances (español, francés, italiano e portugués) que inclúen o compoñente «mundo» (esp. *mundo*; fr. *monde*; ital. *mondo*; port. *mundo*) e á análise do común e do especificamente nacional na imaxe lingüística romance do mundo. A investigación foi realizada con base nos dicionarios fraseolóxicos modernos das linguas en cuestión (Buitrago Jiménez, 2004; Martínez López e Myre Jørgensen, 2009; Rey e Chantreau, 2017; Pittano, 2009; Quartu, 2000; Sorge, 2011; Macedo Rocha e Penna de Macedo Rocha, 2011; Martins Barata, 1989; e outros). O significado fraseolóxico está estreitamente vinculado con connotacións culturais, coñecementos populares compartidos, experiencia práctica e tradicións histórico-culturais populares. Como sinalaba Teliya (1996), a especificidade nacional-cultural dos fraseoloxismos reflíctese na imaxe que pode incluír os *realia* marcados culturalmente e na interpretación desta imaxe no espazo semiótico nacional-cultural dunha sociedade determinada.

O concepto «Mundo» ocupa un lugar importante na mentalidade e a cultura de calquera pobo e, por tanto, na imaxe lingüística do mundo que reflicte, por medio dos signos lingüísticos, o modo de pensar dos pobos. Esta imaxe salienta os fragmentos máis relevantes do mundo circundante e a actitude do ser humano cara ao mundo. O concepto «mundo» é un concepto básico e, segundo a definición de Stepánov:

é unha especie de concentración da cultura na conciencia humana, a través da cal a cultura entra no mundo mental do ser humano. Por outra banda, por medio do concepto, un home común, corrente, que non é o creador de valores culturais, entra na cultura e nalgúns casos, inflúe nesta. (Stepánov, 1997, p. 40)⁷

Como sinala o mesmo autor, a etimoloxía da palabra *mundo* nas linguas romances deriva do substantivo latino *mundus* (bóveda celeste con astros), o adxectivo latino *mundus* significa ‘limpo, fermoso, elegante’. A contaminación dos devanditos significados equivale ao significado do vocábulo grego *κόσμος* (cosmos) como universo, beleza e orde (Stepánov, p. 102).

A análise das definicións básicas do vocábulo «mundo» nos dicionarios das linguas romances (RAE, Larousse, Treccani, Priberam) mostra que as definicións comúns son as seguintes: 1. O conxunto de todo o existente; 2. O globo terráqueo, a terra; 3. O conxunto de todos os seres humanos, a humanidade; 4. Parte da sociedade caracterizada polas

⁷ En castelán: «es una especie de concentración de la cultura en la conciencia humana, a través de la cual la cultura entra en el mundo mental del ser humano. Por otra parte, por medio del concepto un hombre común, corriente que no es el creador de valores culturales, entra en la cultura y en algunos casos influye en ésta».

calidades ou circunstancias comúns para todos os individuos (mundo cristián, mundo capitalista); 5. Termos xeográficos (países do novo/vello mundo); 6. Termos políticos ou económicos (países do primeiro/segundo/terceiro mundo).

Con todo, as metáforas do mundo e os fraseoloxismos das linguas romances co compoñente «mundo», que se reflicten na imaxe lingüística do mundo románico, amplían a representación do mundo. Apresyán (1995) sinala:

o modo de conceptualización da realidade, propio da lingua, dunha banda, é universal e, por outra banda, é especificamente nacional. É “inxenuo”, porque se distingue en moitos detalles esenciais da imaxe científica do mundo. Pero as representacións inxenuas non son nada primitivas. (p. 39)⁸

Estas representacións permítennos coñecer as reflexións do ser humano sobre os aspectos máis valiosos da vida.

Os resultados da análise realizada demostran que o concepto básico «Mundo» nas linguas romances está representado polos subconceptos seguintes: 1. O inicio da vida – a vida – a morte; 2. O mundo imaxinario, outro mundo, o mundo ilusorio; 3. O espazo (grande ou pequeno); 4. O correr do tempo, a eternidade, a inevitabilidade; 5. Un sistema complexo que require superación das dificultades e o alcance dos obxectivos propostos; 6. Violación do modo habitual da vida, traxedia, situación difícil; 7. O conxunto de persoas; 8. As relacións interpersoais; 9. A experiencia da vida; 10. A expresión da valoración ou da intensificación da valoración cualificativa ou cuantitativa.

2. Análise dos subconceptos do concepto «Mundo» no léxico e fraseoloxía das linguas romances

2.1 O inicio da vida – a vida – a morte

O nacemento do ser humano representa a chegada ao mundo. Nas linguas romances observamos os equivalentes fraseolóxicos plenos: esp. *venir al mundo* ‘nacer’; fr. *venir au monde* ‘naître’; ital. *venire al mondo* ‘nascere’; port. *vir ao mundo* ‘nascer’. O parto que culmina co nacemento do ser humano tamén atopa a súa expresión nos equivalentes interlingüísticos plenos ou parciais: esp. *traer al mundo* ‘parir, dar a luz’; fr. *mettre au monde* ‘accoucher’; ital. *mettere al mondo* ‘partorire’; port. *trazer ao mundo* ‘dar a luz’.

A vida nos fraseoloxismos franceses e italianos asóciase coa existencia no mundo: fr. *être de ce monde* ‘exister’; ital. *essere al mondo* ‘essere vivi’.

A morte significa a partida deste mundo ao outro mundo e está relacionada con outra definición da palabra latina *mundus* – a fosa ritual, a entrada no mundo subterráneo (Stepánov, 1997): esp. *irse de este mundo* ‘morirse’; fr. *quitter ce monde, ne plus être de ce monde* ‘être mort’; ital. *uscire del mondo, andare all altro mondo* ‘morire’; port. *partir deste mundo, ir para o outro mundo, deixar o mundo* ‘morrer’.

⁸ En castelán: «el modo de conceptualización de la realidad, propio de la lengua, por una parte es universal y por otra parte es específicamente nacional. Es “ingenuo”, porque se distingue en muchos detalles esenciais de la imagen científica del mundo. Pero las representaciones ingenuas no son nada primitivas».

2.2 O mundo imaxinario, outro mundo, o mundo ilusorio

O mundo real pode contrapoñerse aos mundos mentais. A vida noutro mundo, no mundo de ilusións e soños supón o afastamento da realidade: esp. *vivir en otro mundo* ‘evadirse de la realidad’; fr. *vivre dans l’autre monde* ‘ne pas vivre dans la réalité’; ital. *essere, vivere fuori dal mondo* ‘vivere fuori dalla realtà’. Este significado nos fraseoloxismos italianos e portugueses está relacionado tamén coa lúa como o símbolo da noite que esperta ilusións e fantasías (Kirlo, 2007): ital. *vivere, essere nel mondo della luna* ‘vivere fuori dalla realtà’; port. *estar/viver no mundo da lua* ‘viver fora da realidade’.

Otro mundo, o mundo imaxinario, pode expresar algo extraordinario, inverosímil ou incomprendible: fr. *choses de l’autre monde* ‘incroyable, incompréhensible’; ital. *cose, roba dell’altro mondo* ‘cose inaudite, incredibili’; port. *coisa do outro mundo* ‘inverosímil, causa tanta admiração, estupenda’. Pola súa banda, o fraseoloxismo español *no ser nada del otro mundo/no ser cosa del otro mundo* significa ‘non ser nada extraordinario ou fóra do común en contextos negativos’. O fraseoloxismo español *prometer este mundo y el otro* e o fraseoloxismo portugués *pedir este mundo e o outro* teñen o significado de promesas ou peticións irrealizables, baldías.

O rexeitamento da vida mundana a favor dun mundo imaxinario pode ser condicionado por causas relixiosas: esp. *retirarse del mundo* ‘ingresar en una orden religiosa de clausura’; ital. *abbandonare il mondo* ‘entrare in un ordine religioso’. Tamén a vida mundana pode provocar o desexo de illarse, de vivir en soidade, afastarse do mundo: esp. *morir al mundo* ‘apartarse de él enteramente, renunciando a sus bienes y placeres’; fr. *se retirer du monde* ‘cesser de mener une vie mondaine, publique’; ital. *morire al mondo* ‘condurre una vita appartata, ritirata, cadere nell’oblio’; port. *morrer para o mundo* ‘isolar-se’.

2.3 O espazo (grande ou pequeno)

Na fraseoloxía das linguas romances, o mundo, como un vasto espazo, coñécese por medio de viaxes, en múltiples direccións: esp. *correr mundo* ‘moverse de un lugar a otro sin establecerse en ninguno’, *ir, andar por esos mundos (de Dios)* ‘andar, ir por muchos lugares diferentes’; fr. *courir, parcourir le monde* ‘voyager beaucoup’; ital. *correre il mondo* ‘viaggiare molto’; port. *correr mundo* ‘viajar’, *botar o pé no mundo* ‘correr, fugir; emprender uma longa viagem a muitos lugares’.

Un lugar moi afastado na fraseoloxía francesa caracterízase como o extremo do mundo: *le bout du monde*, e nos fraseoloxismos españois, italianos e portugueses, este devandito significado é expresado por medio do léxico somático: esp. *el culo del mundo*; ital. *capo al mondo*; port. *calcanhar do mundo, cú do mundo*.

Na lingua española, existe a expresión *El mundo es un pañuelo* que se usa cando se atopa por sorpresa a algún coñecido nun lugar inesperado. En canto a outras linguas romances, obsérvanse plenos equivalentes co mesmo significado: fr. *Le monde est petit*; ital. *Il mondo è piccolo*; port. *O mundo é pequeno*.

2.4 O correr do tempo, a eternidade, a inevitabilidade

As ideas sobre a eternidade do mundo e a antigüidade de algo que segue existindo desde o principio dos tempos, atopan a súa expresión nos plenos equivalentes fraseolóxicos: esp. *desde que el mundo es mundo* ‘siempre, desde siempre’; fr. *depuis que le monde est monde* ‘depuis toujours’; ital. *da che mondo è mondo* ‘da sempre’; port. *desde que o mundo é o mundo* ‘desde os mais remotos tempos’.

A inexorabilidade do tempo, a inevitabilidade do que sucede, asóciase co eterno movemento do mundo: fr. *ainsi va le monde* ‘les choses sont ainsi, inévitables’; port. *o mundo vira como uma bóla* ‘o caminhar do tempo é inexorável’.

2.5 Un sistema complexo que require superación das dificultades e o alcance dos obxectivos propostos

As ideas do ser humano sobre o mundo coma un sistema complexo están relacionadas coas súas enormes dimensións, a súa diversidade e atopan a súa expresión nos fraseoloxismos das linguas romances.

Por exemplo, nas linguas española e francesa, existen plenos equivalentes fraseolóxicos que asocian o mundo con algo moi complicado que, en realidade, non o é: esp. *hacer un mundo de algo* ‘considerar como grave o difícil sin serlo’; fr. *(se) faire un monde de quelque chose* ‘en exagérer l’importance, s’exagérer les difficultés’. O fraseoloxismo español *hacerse un mundo* significa presentarse unha cousa a unha persoa como moi ardua.

A estrutura complexa do mundo, as posibilidades que ofrecen as súas dimensións, o desexo do ser humano de atopar o seu lugar no mundo, vencer os obstáculos e alcanzar éxitos son a base da motivación no fraseoloxismo español *comerse el mundo*. O fraseoloxismo portugués *não caber no mundo* ‘ser ambicioso’ funciona co mesmo significado. O fraseoloxismo portugués *querer abraçar o mundo com as pernas* ‘querer tudo ao mesmo tempo, emprender várias coisas ao mesmo tempo’ expresa a idea de tratar de satisfacer os desexos e as ambicións ao mesmo tempo.

Os equivalentes fraseolóxicos das linguas romances que caracterizan os seres humanos que sofren duras probas na súa vida son motivados polo mito sobre o titán Atlas que, sendo castigado por Zeus, cargaba nos seus ombreiros a bóveda celeste: esp. *cargar el mundo sobre los hombros*; fr. *porter le poids du monde sur ses épaules*; ital. *portare il peso del mondo sulle sue spalle*; port. *carregar o mundo nas costas*.

2.6 Violación do modo habitual da vida, traxedia, situación difícil

Os problemas na vida cotiá, as desgrazas ou a perda da esperanza poden asociarse co derrubamento do mundo: esp. *caerse a alguien el mundo encima* ‘sufrir una persona un gran disgusto o decepción, sentirse abrumado y deprimido por alguna desgracia’; fr. *mettre le monde sens dessus-dessous* ‘dans un état de confusion extrême’; ital. *sentirsi crollare il mondo addosso* ‘essere colti dallo sgomento per l’arrivo di una disgrazia’; port. *desabar o mundo* ‘vir o mundo abaixo, ruírem-se as esperanças’.

O fin do mundo coma a extinción de todo o vivo, o destino final do universo no sentido figurado adquire o significado dunha gran desgraza, dunha catástrofe persoal: esp. *el fin del mundo*; fr. *la fin du monde*; ital. *la fine del mondo*; port. *o fim do mundo*.

2.7 O conxunto de persoas

O mundo representa a xeneralidade de persoas: esp. *todo el mundo* ‘generalidad de personas’; fr. *tout le monde* ‘ensemble de gens’; ital. *tutto il mondo* ‘un insieme di uomini’; port. *todo o mundo* ‘conjunto total das persoas’.

Tamén o lexema «mundo» coma derivado semántico pode significar unha gran cantidade de persoas ou cousas: esp. *un mundo de muchachos*; fr. *un monde de marins*; ital. *un mondo di amici*; port. *um mundo de gente*. *Medio mundo* na lingua española, italiana e portuguesa expresa tamén unha gran cantidade de xente: esp. *medio mundo* ‘muchacha gente’; ital. *mezzo mondo* ‘grande numero di persone in generale’; port. *meio mundo* ‘muita gente’.

Na lingua francesa *demi-monde* ‘ensemble des femmes entretenues qui participaient à la vie mondaine’ ten outro significado, pois alude ás mulleres lixeiras que trataban de imitar as aristócratas.

Cabe sinalar tamén o fraseoloxismo francés *monsieur tout le monde* ‘l’homme moyen, n’importe qui’ que designa un home común, corrente, calquera persoa, a multitude de persoas no mundo.

2.8 As relacións interpersoais

A falta de respecto ás opinións alleas reflíctese nos fraseoloxismos romances co compoñente «mundo»: esp. *reirse del mundo* ‘no prestar atención a las críticas de los demás’; fr. *se moquer/se ficher du monde* ‘sans se préoccuper de l’opinion d’autrui’; ital. *gabbare il mondo* ‘farsi beffe di molte persone, prendersi gioco del mondo intero’; port. *zombar de todo mundo* ‘ridicularizar, não dar importância’. Na lingua española existe o fraseoloxismo idioétnico co mesmo significado *ponerse el mundo por montera* que ten a súa orixe no mundo da tauromaquia. A *montera* é o sombreiro tradicional do toureiro que se pon para facer o *paseillo*; o fraseoloxismo serve para expresar unha actitude que ignora deliberadamente o que lle rodea a un e se concentra só na loita.

O mundo pode asociarse coas normas de convivencia, co afrontamento con diferentes situacións na sociedade. O fraseoloxismo italiano *saper stare al mondo* ‘sapersi comportare adeguatamente alle circostanze, sapere affrontare situazioni, difficoltà’ expresa o saber comportarse segundo a situación, superar as dificultades.

2.9 A experiencia da vida

A adquisición da experiencia da vida pode consistir nos coñecementos enciclopédicos, no coñecemento da historia, a cultura, a relixión, as tradicións ou costumes doutros países e pobos: esp. *conocer el mundo*; fr. *connaître le monde*; ital. *conoscere il mondo*; port. *conhecer o mundo*. *Posuír o mundo* tamén significa a experiencia vital: port. *ter mundo* ‘saber, por experiência, como comportar-se em diferentes contextos sociais’; esp. *tener (mucho) mundo* ‘tener mucha experiencia, conocer la vida’, *tener mundología*

'*ciencia del mundo*'. Ao contrario, *tener poco mundo* significa falta de experiencia vital. Os mesmos significados obsérvanse nos fraseoloxismos españois *ser de mucho mundo/de poco mundo*. O fraseoloxismo español *estar en el mundo* significa '*estar al tanto de lo que sucede en el entorno social, político, cultural*'.

Cabe sinalar tamén os fraseoloxismos que caracterizan as persoas moi viaxadas, de moita experiencia e, asúmese, de moitos coñecementos: esp. *hombre de mundo, persona de mundo* '*el que por su trato con toda clase de gentes y por su experiencia y práctica merece esta cualificación*'; ital. *uomo di mondo, persona di mondo* '*persona dalla vita brillante, di molta esperienza*'; port. *homem do mundo* '*muito considerado em todo o mundo pelo seu valor*'. Na lingua francesa, *homme du monde* '*qui connaît les usages de la bonne société, suprêmement élégant*' aplícase a persoas de alta sociedade que levan unha vida mundana.

2.10 A expresión da valoración ou da intensificación da valoración cualitativa ou cuantitativa

Os fraseoloxismos das linguas romances co compoñente «mundo» tamén poden expresar diferentes significados valorativos, caracterizando o ser humano, obxecto ou algún acontecemento por medio das valoracións xerais ou particulares. Por exemplo, a valoración xeral positiva «home bo» reflíctese no fraseoloxismo portugués *ter o coração do tamanho do mundo* '*ser extremamente caridoso, bondoso, solidário, misericordioso*'. O fraseoloxismo italiano *la fine del mondo!* caracteriza positivamente o ser humano, ou o obxecto, coma algo fóra do común. O fraseoloxismo francés *C'est un monde!* úsase para expresar a valoración negativa emocional da indignación. Hai que sinalar que o fraseoloxismo español *ser un mundo* significa '*algo sumamente complejo*'. Na lingua portuguesa, o fraseoloxismo *ser um mundo* expresa unha valoración cuantitativa e caracteriza as organizacións, compañías, empresas de gran tamaño.

A valoración ética negativa dun home egoísta, altivo e fachendoso, que se considera o centro do universo, reflíctese nos fraseoloxismos románicos, equivalentes plenos: esp. *creerse el ombligo del mundo*; fr. *se prendre pour le nombril du monde*; ital. *credersi l'ombelico del mondo*; port. *crer-se o umbigo do mundo*. No fraseoloxismo portugués, a valoración ética negativa dun hipócrita, moralista e santón que censura as demais persoas baséase na asociación coa imaxe dunha regra que golpea a palma da man a modo de castigo e reprimenda aos alumnos negligentes: *palmatória do mundo* '*pessoa que se arvora em moralista, em censor de tudo e de todos*'.

O lexema «mundo» pode empregarse tamén como intensificador da valoración cualitativa ou cuantitativa. Por exemplo, as ideas, fenómenos ou os acontecementos que parecen ser novos pero, en realidade, non o son, caracterízanse nos fraseoloxismos comparativos das linguas romances por medio do termo de comparación «mundo», que serve de intensificador cualificativo: esp. *viejo como el mundo*; fr. *vieux comme le monde*; ital. *vecchio come il mondo*; port. *velho como o mundo*.

Na lingua italiana, por medio do compoñente «mundo», realízase unha intensificación da valoración cuantitativa: *divertirsi un mondo* '*moltissimo*'; *volere un mondo di bene* '*moltissimo*'.

3. Conclusións

Por medio do concepto linguocultural, pódese investigar o acervo cultural dos pobos e estudar tanto as especificidades da súa cultura e mentalidade, coma as similitudes entre as culturas e mentalidades que se reflicten na lingua que é o código verbal da cultura. Os resultados da nosa investigación demostran que o concepto linguocultural «Mundo» no léxico e a fraseoloxía das linguas romances está estratificado e consiste de 10 subconceptos que reflicten a mundividencia romana. O concepto «Mundo» inclúe a imaxe das etapas da vida humana, dos mundos mentais, do espazo e do tempo. O mundo considérase coma un sistema complexo que require moitos esforzos para alcanzar os obxectivos expostos, asóciase coas situacións difíciles, co conxunto de persoas, coas relacións interpersoais e a experiencia da vida. Tamén, por medio do lexema «mundo» exprésanse diferentes valoracións cualificativas e cuantitativas e a súa intensificación. Na súa maioría, os fraseoloxismos romances co compoñente «mundo» están representados por plenos equivalentes ou variantes interlingüísticas, o que subliña o común na mentalidade e na forma de expresión lingüística. A especificidade nacional-cultural consiste na selección da imaxe mental fraseolóxica (esp. *ponerse el mundo por montera, comerse el mundo*; fr. *c'est un monde !, monsieur tout le monde*; ital. *divertirsi un mondo, saper stare al mondo*, port. *querer abraçar o mundo com as pernas; palmatória do mundo*).

Pódese afirmar que a visión do mundo románica reduce o universo ao micromundo do ser humano, ás súas relacións con todo o que lle rodea, á característica do propio ser humano. Segundo Arutiúnova (1998), a natureza da lingua determínase por dúas funcións básicas: comunicativa e expresiva, realizadas ambas as dúas na estrutura da noción. Esta noción establece a relación entre o mundo do ser humano e o pensamento sobre o mundo. As metáforas e os fraseoloxismos romances co compoñente «mundo» contribúen tamén ao establecemento da devandita relación, reflectindo o común e o especificamente nacional na representación do mundo.

Apéndice. Lista de fraseoloxismos romances co compoñente «mundo»

Fraseoloxismos españois

- Caerse a alguien el mundo encima
- Cargar el mundo sobre los hombros
- Conocer el mundo
- Creerse el ombligo del mundo
- Correr, ver alguien mundo
- Desde que el mundo es mundo
- El culo del mundo
- El fin del mundo
- Comerse el mundo
- El mundo es un pañuelo
- Estar en el mundo
- Hacer un mundo, de algo
- Ir, andar alguien por esos mundos (de Dios)
- Irse de este mundo
- Medio mundo
- Morir al mundo
- No ser nada del otro mundo /no ser cosa del otro mundo
- Ponerse el mundo por montera
- Prometer este mundo y el otro
- Reírse del mundo
- Retirarse del mundo
- Ser de mucho mundo, de poco mundo
- Ser un mundo
- Ser de mucho mundo/de poco mundo.
- Tener (mucho) mundo
- Tener mundología
- Tener poco mundo
- Todo el mundo
- Traer al mundo
- Venir al mundo
- Vivir en otro mundo
- Viejo como el mundo

Fraseoloxismos franceses

- Ainsi va le monde
- C'est un monde
- Connaitre le monde/courir, parcourir le monde
- Choses de l'autre monde
- Depuis que le monde est monde
- Être de ce monde
- Homme du monde
- Le bout du monde
- La fin du monde
- Le monde est petit
- Mettre au monde
- Mettre le monde sens dessus-dessous
- Monsieur tout le monde
- Ne plus être de ce monde
- Tout le monde
- Porter le poids du monde sur ses épaules
- Quitter ce monde
- (Se) faire un monde de quelque chose
- Se moquer/se ficher du monde
- Se prendre pour le nombril du monde
- Se retirer du monde
- Venir au monde
- Vieux comme le monde
- Vivre dans l'autre monde

Fraseoloxismos italianos

- Abbandonare il mondo
- Andare all altro mondo
- Capo al mondo
- Conoscere il mondo
- Correre il mondo
- Cose, roba dell altro mondo
- Credersi l'ombelico del mondo
- Da che mondo è mondo
- Divertirsi un mondo

- Essere al mondo
- Essere, vivere fuori dal mondo
- Gabbare il mondo
- Il mondo è piccolo
- La fine del mondo!
- Mettere al mondo
- Mezzo mondo
- Morire al mondo
- Persona di mondo
- Portare il peso del mondo sulle sue spalle
- Saper stare al mondo
- Sentirsi crollare il mondo addosso
- Uscire del mondo
- Vecchio come il mondo
- Venire al mondo
- Vivere, essere nel mondo della luna
- Volere un mondo di bene

Fraseoloxismos portugueses

- Botar o pé no mundo
- Carregar o mundo nas costas
- Coisa do outro mundo
- Conhecer o mundo
- Correr mundo
- Crer-se o umbigo do mundo
- Deixar o mundo
- Desabar o mundo
- Desde que o mundo é o mundo
- É o fim do mundo
- Estar/viver no mundo da lua
- Homem do mundo
- Ir para o outro mundo
- Meio mundo
- Meter o pé no mundo
- Morrer para o mundo
- Não caber no mundo

- O calcanhar do mundo
- O cú do mundo
- O fim do mundo
- O mundo é pequeno
- O mundo gira como uma bola
- Partir deste mundo
- Palmatória do mundo
- Pedir este mundo e o outro
- Querer abraçar o mundo com as pernas
- Ter mundo
- Ter o coração do tamanho do mundo
- Todo o mundo
- Trazer ao mundo
- Velho como o mundo
- Ver mundo
- Vir ao mundo

4. Referencias bibliográficas

- Andrushkevich, Y. (2025). Лингвокультурология и типы культурной лингвистики ([Linguoculturoloxía e tipos de lingüística cultural]). *Russian Linguistic Bulletin*, 6 (66), 1–11. <https://doi.org/10.60797/RULB.2025.66.1>
- Apresyán, Y. (1995). Образ человека по данным языка: попытка системного анализа ([A imaxe do ser humano a partir de datos lingüísticos: un intento de análise sistémica]). *Voprosy yazykoznaníya*, (1), 37–67.
- Arutyunova, N. (1998). *Язык и мир человека* ([A lingua e o mundo do ser humano]). Языки русской культуры (Yazyki russoj kultury).
- Buitrago Jiménez, A. (2004). *Diccionario de dichos y frases hechas*. Espasa.
- Coseriu, E. (1977): *Principios de semántica estructural*. Gredos.
- Dobrovól'skiy, D. & Piirainen, E. (2005). *Figurative language: cross-cultural and cross-linguistic perspectives*. Elsevier. <https://doi.org/10.1515/9783110702538>
- Kirlo, J. (2007). *Словарь символов* ([Diccionario de símbolos]). ЦЕНТРОПОЛИГРАФ (TSENTROPOLIGRAF).
- Larousse (2023). *Monde. Dictionnaire français*. Recuperado o 10 de febreiro de 2024, de <https://www.larousse.fr/dictionnaires/francais/monde/52177>
- Macedo Rocha, C. A. & Penna de Macedo Rocha, C. E. (2011). *Dicionário de locuções e expressões da língua portuguesa*. Lexikon.
- Martínez López, J. A. & Myre Jørgensen, A. (2009). *Diccionario de expresiones y locuciones del español*. De La Torre.

- Martins Barata, A. (1989). *Dicionário prático de locuções e expressões da língua portuguesa*. Livraria A.I.
- Máslova, V. (2001). *Лингвокультурология* ([Linguoculturoloxía]). Издательский центр «Академия» ([Izdatelskij tsentr «Akademiya»]).
- Newmark, P. (1988). *A Text Book of Translation*. Prentice Hall.
- Ortiz Álvarez, M. L. (2019). Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, (21), 65–92. <https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.03.00004>
- Pittàno, G. (2009). *Dizionario dei modi di dire. Frase fatta capo ha. Dizionario dei modi di dire, proverbi e locuzioni di italiano*. Zanichelli.
- Priberam (2021). Mundo. *Dicionário da língua portuguesa*. Recuperado o 10 de febreiro de 2024, de <https://dicionario.priberam.org/mundo>
- Quartu, B. M. (2000). *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana*. Mondolibri.
- Real Academia Española. (2019). Cultura. En *Diccionario de la lengua española*. Recuperado o 12 de febreiro de 2024, de <https://dle.rae.es/cultura>
- Rey, A. & Chantreau, S. (2017). *Dictionnaire des expressions et locutions*. Le Robert.
- Sapir, E. (1993). *Избранные труды по языкознанию и культурологии*. ([Traballos seleccionados sobre lingüística e culturoloxía]). Прогресс ([Progress]).
- Sorge, P. (2011). *Dizionario dei modi di dire della lingua italiana. Origine e significato delle frasi idiomatiche e delle forme proverbiali rare e comuni*. Newton Compton Editori.
- Stepánov, Y. (1997). *Константы. Словарь русской культуры. Опыт исследования*. ([Constantes. Dicionario da cultura rusa. A experiencia da investigación]). Школа «Языки русской культуры» ([Shkola «Yazyki russkoj kultury»]).
- Teliya, V. (1996). *Русская фразеология. Семантический, прагматический и лингвокультурологический аспекты*. ([A fraseoloxía rusa. Os aspectos semánticos, pragmáticos e linguoculturoolóxicos]). Школа «Языки русской культуры» ([Shkola «Yazyki russkoj kultury»]).
- Ter-Minasova, S. (2000). *Языки и межкультурная коммуникация* ([As linguas e a comunicación intercultural]). Слово ([Slovo]).
- Treccani (2022). Mondo. *Vocabolario Treccani*. Recuperado o 10 de febreiro de 2024 de, <https://www.treccani.it/vocabolario/mondo/>